

ELECCIÓN A FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PÉNTATLON MODERNO.

XUNTA ELECTORAL.

ACTA. 6. DESIGNACIÓN DE MEMBROS TITULARES E SUPLENTE DAS MESAS ELECTORAIS E DA MESA DO VOTO POR CORREO.

Sendo as 20:00 horas do día 24 de xullo de 2026, por medios telemáticos, reúnese a Xunta Electoral da Federación Galega de Triátlon e Péntatlon Moderno baixo a Presidencia de D. Enrique Hernández Moldes, con asistencia de D^a. Paloma Herbello Hermelo na súa condición de Vogal, e actuando como Secretaria D^a. Mónica Flores Ferreiro.

Constatada a presenza de quórum bastante para a súa constitución, o Presidente declara aberta a sesión.

A Xunta Electoral da Federación Galega de Triátlon e Péntatlon moderno, en aplicación do contido do capítulo V. Artigo 9 do vixente Regulamento Electoral, unha vez formalizada a proclamación definitiva das candidaturas procede, mediante este acto, a celebración do sorteo para designación dos membros titulares e suplentes das mesas electorais e da mesa electoral do voto por correo.

Tendo en conta que a votación para candidatos a Asemblea Xeral da Federación vaixe desenvolver en dúas mesas electorais, que abranquen as circunscricións de 1) A Coruña e Lugo e 2) Pontevedra e Ourense. procedeuse a agrupar o censo electoral definitivo en atención a eses ámbitos territoriais, correspondendo por tanto, os seguintes números de persoas con dereito a voto:

- Circunscrición de A Coruña e Lugo: 388.
- Circunscrición de Pontevedra e Ourense: 127.

Únense como documentos complementarios as correspondentes listaxes.

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (presidencia, secretaría e vogalía) e tres suplentes destes. Ocuparán a presidencia e a secretaría, respectivamente, os membros de maior e menor idade.

O procedemento elixido para o sorteo consiste e a utilización dunha ferramenta informática que o programa Libreoffice conten, limitase o establecemento de seis números aleatorios precisos para ocupar cada un dos postos sorteados dentro do rango dos censos agrupados por mesas electorais. Neste caso as fórmulas serán as seguintes:

- A Coruña-Lugo: =Aleatorio.Entre (1;388)
- Pontevedra-Ourense: =Aleatorio. Entre (1;127).

No caso se repetición do número aleatorio, asignaríase o seguinte correlativo superior.

O mesmo procedemento seguirase para a designación da mesa electoral do voto por correo. Neste caso:

Mesa electoral voto por correo: =Aleatorio.Entre (1;2).

Unha vez realizado os sorteos, os valores obtidos recóllense a continuación:

- MESA ELECTORAL DE A CORUÑA-LUGO:

Membros titulares: 68, 28, 202.

Membros Suplentes 18, 80, 280.

- MESA ELECTORAL DE PONTEVEDRA-OURENSE:

Membros titulares: 115, 100, 127.

Membros suplentes: 74, 80, 46.

- MESA DO VOTO POR CORREO:

2.

A vista dos mesmos e comprobado por esta Xunta Electoral o cumprimento das condicións que deben dispor os membros das mesas electorais acorda:

Primeiro.- Elevar a firme os seguintes nomeamentos:

- **MESA ELECTORAL DE A CORUÑA-LUGO:**

Presidencia: .

Secretaría: .

Vogalía: .

Suplente Presidencia: .

Suplente Secretaría: .

Suplente Vogalía: .

Membros titulares:

- (68) CASTRO FERNANDEZ, ANDER, DEPORTISTA, COMPOSTELA.

- (28) BARREIRO PEREIRA, XOSÉ ANTÓN. DEPORTISTA. NEGREIRA.

- (202) LEMA NANTON, VICTOR. DEPORTISTA. COSTA DA MORTE.

Membros suplentes:

- (18) ANTELO PIÑEIRO, MARCOS. DEPORTISTA. ARTEIXO.

- (80) CORA PENABAD, JESUS. TECNICO. CORUÑA.

- (280) PICALLO MATO, ADRIAN. DEPORTISTA. VEDRA.

- **MESA ELECTORAL DE PONTEVEDRA-OURENSE:**

Presidencia:

Secretaría:

Vogalía:

Suplente Presidencia:

Suplente Secretaría:

Suplente Vogalía:

Membros titulares:

- (115) TIZON VALVERDE, EMILIO. DEPORTISTA. DELIKIA.
- (100) RODRÍGUEZ POUSA, ALBERTO. DEPORTISTA. OURENSE.
- (127) VILA PORTO, JAVIER. DEPORTISTA. PORRIÑO.

Membros suplentes:

- (74) MUÍÑO PÉREZ, MANUEL ÁNGEL. DEPORTISTA. DELIKIA.
- (80) PAZOS GARCÍA, ANTÍA. DEPORTISTA. MAR DE VIGO.
- (46) GONZÁLEZ AVIÓN, XOSÉ CARLOS. DEPORTISTA. VILAGARCÍA.

- MESA ELECTORAL DE VOTO POR CORREO:

Circunscripción de Pontevedra-Ourense.

Segundo.- Notificar as persoas propostas a presente designación para a sua aceptación ou escusa por causa xustificada, publicando o contido deste acto a través dun mecanismo que garanta o seu coñecemento.

Non habendo mais asuntos que tratar, levantase a sesión sendo las 21:00 do día sinalado no encabezamento.

Asdo.: Enrique Hernández Moldes.
Presidente.

Asdo.: Mónica Flores Ferreiro.
Secretaria.

Asdo.: Paloma Herbello Hermelo.
Vogal.